



CS XOGO DESCUBERTO
PROGRAMACION
SETEMBRO 2010





PIRATAS!

Por cuarto ano consecutivo reunímonos en Toralla para pedir a fin da especulación nas nosas rías. E este ano temos unha alegría, o “ministerio de medio ambiente” anuncia que vai facer efectivo o deslinde do litoral na illa de Toralla, que vai construír un paseo marítimo ao redor da illa de acceso público. E mentres rimos respóstámoslles: Qué maravilla!, un paseo que nos lembre que non podemos acceder aos sitios que vemos dende o paseo. Non queremos compartir as miserias morais de ninguén, reivindicamos o uso público da illa de Toralla, de toda a illa, dos seus castros, do seu parque forestal, da súa ponte, das súas praias e do seu porto, porque as illas non deben ser xamáis propiedade privada, porque o que merca unha illa estase apropiando dun patrimonio ecolóxico, e neste caso, dun patrimonio cultural que debería pertencer a tod@s.

E sabemos que Toralla non é máis ca un símbolo do noso proceso de loita, porque non pedimos só isto, non queremos que se constrúan máis recheos que alberguen portos deportivos e clubs privados para o disfrute d@s ric@s, mentres a clase traballadora vese cada vez máis afectada por unha nova forma de explotación disfrazada de crisis económica. Non queremos que se esquilmen máis rías. Non queremos máis verquidos de grandes empresas que non son controlados porque eiquí só importan os cartos. Reivindicamos respecto para as rías en forma de protección do seu ecosistema e en forma de sustentabilidade.

Piratas!, unha vez máis, un ano máis, **non máis illas de cemento!**

CS XOGO DESCUBERTO

★ **Actuacións ao vivo**

★ **Cantina** ★ **Palestras**

★ **Biblioteca** ★ **Exposicións**

★ **Visionadas**

Actualmente está a funcionar o ciclo "A miña peli favorita".
Coméntanos que película queres que proxectemos e compartea con nós.
As proxeccións lévanse a cabo tódolos xoves ás 20:00 horas.

★ **09/09:** Ace Ventura 2 ★ **16/09:** Sunshine Cleaning

★ **23/09:** La Cena de los idiotas ★ **30/09:** Dark City

Cea por 5€ tódolos venres ás 22:30 horas. ★ **Ceas**

Prazo para apuntarse o mesmo venres ata as 16:00 horas

no enderezo xogo.colectivo@gmail.com

ou ata as 19:00 horas no propio centro social.

★ **Reunións de colectivos, asociacións...**

Podedes dispoñer do CS
para as assembleas do teu proxecto. Animádevos, e avisade previamente!

★ **Changas deportivas e xogos**

Ven botar unha partida ó que máis che apeteza: Rol, baloncesto, pingpong,
risk, jenga, trivial... ou o deporte estrela de Xogo Descuberto: 21-PRO!

Nos torneos que organizamos ou cando ti prefiras.

★ **Rimadoiro**

Tomando a idea dos noutras partes coñecidos coma rapeadeiros,
consiste nunha xuntanza onde se forma un espazo aberto
de formación e expresión con micros abertos para MCs de toda a cidade.
Tomando o hip hop coma ferramenta creativa ten coma sinal de identidade
o encontro e aprendizaxe colectivo.

Animámosvos tanto a participar como a vir a velo espectáculo.

★ **Obradoiros e cursos**

Podédelos consultar na programación de setembro na parte dereita

★ **La Contra,**

Xogo Descuberto comparte espazo coa distribuidora alternativa La Contra,
Nela poderedes atopar fanzines, CDs, LPs... ademáis das súas primeiras
edicións: Tanghana's Show, Rojo 2, Codia, WildDögs e o

novο fanzine La Contra.

★ **Laboratorio 12**

No centro social tamén atoparedes Laboratorio 12,
adicada a distribución de libros e cun amplo catálogo.

★ CURSO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL

Remataron as vacacións! Informádevos dos horarios e días no enderezo

xogo.colectivo@gmail.com Prezo: 10€ socios e 17€ non socios.

★ CURSO DE BAILE GALEGO

Curso de iniciación.

Tamén volve arrincar este curso. Horarios tamén por pechar, consultádenos

no noso enderezo ou no propio CS. Prezo: 10€ socios e 17€ non socios.

★ CURSO DE ACHEGAMENTO Á BOTÁNICA E XARDINERÍA

Curso on line e con crases presenciais.

Apuntádevos no enderezo rhiafri@yahoo.es

Prezo: 3€ socios e 10€ non socios.

★ VIDEOCREACIÓN

Escoita o que dis: participa con nós neste proxecto de videocreación no que se pretende reflexionar sobre o tempo que tardamos en dicilas cousas e o tempo que empregamos

en escoitalas. Máis info no CS ou no enderezo

joemanda@hotmail.es

MÉRCORES 8 21:00 HORAS

★ VISIONADA: ESPECIAL TORALLA

Curtametraxe: **Operación Toralla** e vídeos de edicións anteriores

VENRES 10 19:00 HORAS

★ ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PALESTRA + VISIONADA

SÁBADO 11 20:00 HORAS

★ PINCHADA: PECHE DA EXPO DE JAVI H. "BAJO LOS FOCOS"

Exposición de fotografía www.flickr.com/photos/des_enfoque

DOMINGO 12 **IV RECONQUISTA DE TORALLA**

12:00 HORAS

MARCHA CICLISTA

Dende a praza do Concello ó Vao

14:30 HORAS **XANTAR NA PRAIA** Haberá bebida!

15:30 HORAS **XOGOS POPULARES E ANIMACIÓN**

Na praia do Vao

17:00 HORAS **DESEMBARCO PIRATA POR TERRA E MAR**
E DESPOIS... BUSQUEDA DO TESOURO En Toralla

EXPO DO MES

DESEMBARCO PIRATA 2010

Exposición de fotografía sobre a reconquista deste ano

MARTES 14 **19:00 HORAS**

★ **OBRAIDRO: MONTAXE DE ORDENADORES**

VENRES 17 **21:00 HORAS**

★ **DR. ZAIUS**

Actuación en acústico

myspace.com/drzaiusmanagement

VENRES 24 **19:00 HORAS**

★ **CIRCO ESCARRANCHADO**

SÁBADO 25 **20:00 HORAS**

★ **PALESTRA ODS-COIA**

PRESENTANDO: **OS NOSOS DEREITOS SI MARCHAN DE VACACIÓNS**

odscoia.arkipelagos.net

CS XOGO DESCUBERTO

RÚA SALVATERRA, 13.
(ANTIGO CENTRO COMERCIAL 2, COIA).

★ **HORARIO**

DE LUNS A DOMINGO DENDE AS 19 HORAS

★ **CONTACTO**

xogo.colectivo@gmail.com

www.xogodescuberto.arkipelagos.net



Difunde!

